



20.03.11

O MAL NON ACOUGA! ENCE NEGOCIA A PERMANENCIA EN LOURIZÁN.

Xa o adiantabamos hai algúns meses; todos os pasos que está a dar ENCE –incluíndo a denuncia contra a APDR por inxurias- van dirixidos a un único fin: conseguir alongar a concesión na Ría mais aló do 2018. E un día si outro tamén están a saír nos medios ás supostas bondades da empresa en materia de emprego, de produción, no compromiso co medio ambiente, coa explotación forestal ou coa sociedade pontevedresa. E seguirán saíndo, e con mais forza canto mais nos acheguemos á data da caducidade da concesión. E non han faltar acólitos que bendigan publicamente estas bondades. Ao tempo, negocian coas administracións autonómica e estatal as posibles vías para conseguir o seu obxectivo, un obxectivo que a inmensa maioría da poboación rexeita e que os partidos políticos din non van permitir en ningún caso.

Pero todos sabemos que as posicións políticas mudan como mudan os ventos; que neste tema Xunta e Goberno central (e os seus representantes locais) teñen plans B e que non todos temos o mesmo obxectivo. Mentres eles buscan solucionarlle o problema á empresa buscándolle novo emprazamento, nós esiximos o cese da actividade do complexo ENCE-ELNOSA porque atenta contra o medio ambiente e imposibilita a recuperación da Ría e a creación de postos de traballo de calidade derivados da explotación racional dos recursos naturais. Porque nós estamos pola recuperación da Ría, por eso estamos tamén en contra do “nó de celulosas” proposto pola Xunta de Galicia, que podería hipotecala.

Preocúpalles ben pouco que ENCE e ELNOSA incumpran a lexislación e –con seguridade- a Xunta pensa renovarlle as Autorizacións Ambientais Integradas obviando este incumprimento. Tal e como fixemos cando a Xunta bipartita outorgou as AAI a ámbalas empresas, imos tratar de impedir a renovación porque ENCE e ELNOSA seguen contaminando a Ría e incumprindo a Lei. Temos datos oficiais que o confirman e na dirección de ENCE saben que non mentimos cando o afirmamos, por eso non seguen adiante coa denuncia contra a APDR. E nós repetíremolo tantas veces faga falta: a responsabilidade social de ENCE é moi elevada; co medio ambiente, coa economía, coa calidade de vida e coa saúde da poboación, en todos os casos danadas pola acción negligente de ENCE e ELNOSA. E hai que facerlle pagar por esa responsabilidade como hai que conseguir que non se renoven as AAI. E nesa tarefa será fundamental a mobilización social.

Pola Xunta Directiva,
Antón Masa, presidente da APDR